

O galego de 1936 a 1975: características lingüísticas fundamentais. Contexto histórico e situación sociolingüística.

1. Contexto histórico

A Guerra Civil española (1936-1939) afectou de maneira directa ao proceso de emerxencia que o galego vivira no primeiro terzo do s. XX. O Estatuto de Autonomía aprobado en xullo de 1936, que establecía a cooficialidade da lingua galega, non chega a entrar en vigor. Todos os esforzos de recuperación lingüística e identitaria do período 1916-1936 son eliminados, ben pola represión dos protagonistas (Ánxel Casal, Alexandre Bóveda...), ben polo exilio forzado (Castelao) ou o silencio do exilio interior (Pedrayo) dos líderes galeguistas.

Neste período o galego desaparece practicamente da escrita e trasládase á Galicia do exilio: a creación literaria, a investigación histórica, o ensaio político, as publicacións periódicas, as conferencias, as reedicións de clásicos desenvolveranse basicamente en Bos Aires, onde se asentan autores como Seoane ou Castelao. Revistas como *Galicia emigrante*; editoriais como Citania; programas de radio, como *Galicia emigrante*; a estrea de *Os vellos non deben de namorarse* ou a publicación de *Sempre en Galiza* de Castelao son boa mostra desta actividade cultural.

Na Galicia dos anos corenta a promoción pública do idioma é mínima: os libros publicados son poucos e de escaso valor literario. Destacan, non obstante, a colección de poesía Benito Soto, impulsada por Celso Emilio Ferreiro, en Pontevedra; as follas de poesía chamadas *Xistral* distribuídas por Manuel María en Lugo; os traballados publicados no xornal compostelán *La Noche*; os programas de radio emitidos en galego pola BBC de Londres entre 1947 e 1956.

Nos anos 50, tralo ingreso de España na UNESCO (1954), as medidas represivas contra o galego atenúanse. Isto permite a aparición de Bibliófilos Gallegos (1949) en Santiago, a Editorial Monterrey de Xosé María Álvarez Blázquez (1951), pero sobre todo a fundación da Editorial Galaxia (1950).

Nos anos sesenta, despois da aprobación da lei de Asociacións (1964), xorden por toda Galicia **asociacións culturais** que terán un papel fundamental na defensa da cultura propia e na recuperación da autoestima lingüística. Destacan O Galo (Santiago de Compostela, 1961), O Facho (A Coruña, 1963), Asociación Cultural de Vigo (1965), Agrupación Cultural Auriense (Ourense, 1967), Agrupación Cultural Abrente (Ribadavia, 1969). Entre as actividades dinamizadoras que desenvolven figuran a celebración de conferencias, cursos de lingua, exposicións de pintura, concursos literarios, representacións teatrais...

É tamén nos anos sesenta cando comezan a organizarse **partidos políticos galeguistas** (Partido Socialista Galego, 1963; Unión do Pobo Galego, 1964), que desde a clandestinidade denunciarán a represión lingüística e defenderán a oficialidade do galego. Asociados á clandestinidade aparecen algúns usos do galego: corrección de indicadores toponímicos, pancartas, comunicados de prensa, recitais de *Voces Ceibes*... O galego convértese así na lingua vehicular dos grupos de oposición á ditadura e propiciará que mozos de formación universitaria e co castelán como lingua inicial recuperen a lingua materna.

Acontecementos sinalados desta década son tamén: a instauración pola Real Academia Galega do Día das Letras Galegas (1963); a fundación de Edicións do Castro (1963); a creación da editorial católica e galeguista SEPT (Sociedade de Estudos, Publicacións e Traballos), que axudará na galeguización da igrexa, como recomendaba o Concilio Vaticano II; a publicación da revista *Grial*, a plataforma máis efectiva na difusión dos logros culturais do galeguismo.

Nesta década aparecen tamén títulos importantes para a aprendizaxe e difusión do galego literario como a *Gramática elemental del gallego común* (1966) de Ricardo Carballo Calero, o dicionario enciclopédico de Eladio Rodríguez ou o *Diccionario castelán-galego e vocabulario*

castelán-galego (1968) de Xosé Luís Franco Grande.

Será na década seguinte, a dos setenta, cando se produzan cambios significativos na situación do galego, pois coa Lei Xeral de Educación de 1970 permitírase o estudo das denominadas “linguas vernáculos” nos centros de ensino. A morte do ditador (1975) e a chegada da democracia (1978) incrementarían as posibilidades sociais do idioma.

Un ámbito no que o galego vai experimentar un cambio considerable será o da investigación científica sobre a lingua. O Departamento de Filoloxía Románica e a cátedra de Lingüística e Literatura Galegas da Universidade de Santiago -daquela a única de Galicia-, levará a cabo un labor importantísimo que continuará, a partir de 1971, o Instituto da Lingua Galega, e que formará os futuros investigadores que traballarán no ámbito do galego.

2. Situación sociolingüística do galego

O franquismo supuxo a supresión das liberdades e a implantación dun novo ordenamento que exaltaba a unidade política de España e reprimía calquera manifestación que non tivese o castelán como vehículo idiomático: o ensino, a igrexa e a administración só empregarán o castelán; o emprego do galego queda reducido ao folclorismo. Nesta época os documentos administrativos son redactados en castelán; prohíbense os rótulos, anuncios e denominacións comerciais en galego; é imposible inscribir nomes propios en galego no Rexistro Civil; o cine só se dobra ao castelán...

Hai outros factores, ademais da represión e propaganda franquista, que repercutirán negativamente na consideración social do galego:

- **o ensino:** a escolarización obrigatoria en castelán estende socialmente o sentimento de culpabilidade e inferioridade; neste sentido, a escola franquista foi un potente axente castelanizador e desgaleguizador, xa que propugnaba un sistema lingüisticamente homoxeneizador;
- **os medios de comunicación:** a radio e a televisión, que se popularizan nesta época, só empregarán o castelán, conseguindo non só excluír o galego destes ámbitos senón tamén alcanzar sectores da sociedade máis amplos;
- **a emigración:** tivo tamén un impacto sociolingüístico pois entre 1860 e 1970 saíron de Galicia case 1.200.000 persoas. Cando algúns destes emigrantes retornan instálanse en barrios da periferia urbana, en contextos castelanófonos, provocando o abandono do galego e a adopción do castelán. Os galegofalantes aprenderán a reservar a lingua materna para se comunicaren cos familiares e amigos e a empregar o castelán no resto dos casos. Unha consecuencia grave desta mudanza lingüística vai ser a ruptura da transmisión familiar da lingua ás novas xeracións, pois moitos pais educarán os seus fillos en castelán.

Socialmente, e malia estes datos negativos, o galego foi sempre a lingua maioritaria da poboación, que se definía como monolingüe en galego ou bilingüe galego-castelán con predominio do galego. Non obstante, influirán na súa contra o asentamento do prexuízo de que para medrar socialmente hai que substituír o galego polo castelán e a aversión da ditadura por calquera manifestación lingüística ou cultural que non empregase o castelán.

3. Características lingüísticas

No período 1936-1975 consolídanse algúns dos trazos básicos da convención ortográfica moderna.

O cambio máis visible é, se cadra, a supresión da maioría dos diacríticos que inzaban os textos de preguerra como marca de encontros gráficos e fonéticos. Esta tendencia irase consolidando nas décadas posteriores ata chegar aos anos setenta como unha tendencia gráfica

consolidada e de uso xeral. Desta maneira, o apóstrofo (*n'outras, n'un*), o guión (*d-este, co-a*), o acento grave (*à, às*) e o acento circunflexo (*sô, pôr*) que caracterizan a imaxe gráfica dos documentos do século XIX e do primeiro terzo do XX irán sendo eliminados nestes anos ata chegar á ortografía depurada de diacríticos que caracteriza a escrita actual: *noutras, nun, deste, coa, á, ás, só, pôr*.

No relativo á morfosintaxe, atopamos nos escritos a variación dialectal (*pantalós/pantalóns/pantalois; naturais/naturaes/naturás; irmán/irmau...*), aínda que xa hai certa preferencia polas formas que resultarán normativas nas *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* que publicará a Real Academia Galega en 1971.

Canto ao léxico, ao igual que na época anterior, continúa a presenza de **arcaísmos** (*conquerir, coor...*), **lusismos** (*nuben, chefe...*), **hiperenxebrismos** (*hourizonte, montana...*) ou xeneralizacións ao rexistro culto de termos campesiños ou mariñeiros (o *miolo* do problema...).

O galego escrito neste período recibe o nome de **galego protoestándar**.